

INFORME DE ACLARACIÓN E CORRECCIÓN DE ERROS DAS BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA E O PROCEDIMENTO PARA A COBERTURA TEMPORAL DUN POSTO DE TITULADO EN TRABALLO SOCIAL E DA CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO MUNICIPAL PARA AS COBERTURAS TEMPORAIS DO CITADO POSTO.

Visto o texto da Resolución da alcaldía do Concello de Tomiño de 18 de decembro de 2018 (Decreto 2019-0034), relativo á aprobación das bases nomeadas no título deste informe. Texto publicado na páxina web do Concello.

E detectado un erro material no texto da mesma, pois na páxina 6, apartado 10.1.A. -Formación complementaria. figura no título "(3 puntos)" e ao final do seguinte parágrafo, referido ao mesmo apartado, establece "Puntuarase como máximo ata 1,5 puntos", o que pode dar lugar a confusión ao facer a autobaremación.

Pero tendo en conta que nesa mesma páxina 6, o primeiro parágrafo da Base 10.- Proceso selectivo, establece:

"A selección realizarase mediante o sistema de concurso-oposición, e constará de tres fases, sendo 33 puntos a puntuación máxima que se pode acadar."

Así tendo en conta que a puntuación máxima dos restantes apartados do concurso, da oposición e da entrevista suman 30 puntos, dedúcese do propio texto que a valoración máxima do apartado 10.1.A. -Formación complementaria, debe ser 3 puntos e non 1,5.

Por este motivo, dito o presente informe como aclaración e corrección erros das nomeadas bases, dado que esta discordancia considerase como tal, ao amparo do disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, como un mero ERRO MATERIAL dado que se aprecia o citado erro tendo en conta exclusivamente os datos do propio documento administrativo no que se advirte, tratándose dun erro claro e patente, e sen que se produza unha alteración fundamental do sentido do acto podendo en consecuencia este Concello en calquera momento e de oficio proceder á súa rectificación material, procedendo á vista de todo o anterior a clarificar o texto da citada resolución da seguinte maneira:

Na páxina 6, apartado 10.1.A. -Formación complementaria. Ao final do primeiro parágrafo onde di: "Puntuarase como máximo ata 1,5 puntos,"

Enténdese que debe dicir:

"Puntuarase como máximo ata 3 puntos,"

A SECRETARIA, CATALINA ECHEVARRÍA BUADES

Asinado en Tomiño por sinatura Dixital Certificada na data que figura na marxe do presente documento.